

# Instituto da Lingua Galega

## Y III.- O EXEMPLO DADO POLA UNIVERSIDADE TEN QUE ESPALLARSE

**F**ALAMOS logo co profesor Guillermo Rojo, auténtico estudioso do galego. A él lle preguntamos:

—¿Cáles foron os problemas do galego no seu uso e na consecuencia dun bilingüismo?

—Todo parte de que o galego quedouse nunha lingua coloquial que non foi cultivada nin enriquecida pola vida cultural. Lingüística e

política non se poden diferenciar, son dous factores fundamentais. O galego ten que deixar de ser unha lingua puramente coloquial e entón o problema do galego quedará resolto no problema do léxico. O problema é de cultura. Pero ha de haber unha preocupación que rebase o superficial: ha y que pasar unha etapa de aprendizaxe e só se consegue preocupándose. En canto o bilingüismo a nivel in-

dividual e desexable. O malo está cando non é social. Non é malo falar as dúas linguas, senón que as dúas linguas estén implicadas na mesma sociedade, esto trae como consecuencia que unha domine a outra e isto é discriminatorio.

### UN OPORTUNISMO

—¿En canto lingua e política?

—Todo isto é viable como obxectivo político, pero hoxe é en certo modo un oportunismo. Hai que pasar unha fase de odio o castelán, eso hai que superalo. En principio, foi a resposta lóxica a unha cultura imposta. Hoxe imponse chegar a estabilización das linguas, de dominante a dominado. O malo son as relacións de poder entre as linguas.

Asiste a nosa conversa Paco Fernández.

—Paco, ti que coñeces o problema do rapaz galego, ¿cómo o ves?

—Ninguén pensou en que o castelán non é a lingua coñecida polo rapaz, non se lle facilita o tránsito. Resultado: non fala nin galego nin castelán. Cando sale da escola as súas realidades o traspasar a porta xa son distintas. Hai problemas no mesmo sistema do ensino. Isto hai que corrixilo urgentemente.

Logo tivemos a oportunidade de asistir a unha xuntanza de algúns membros do Instituto que participarán mañán, luns, día 11, na presentación de dous libros: "Os peixes", de Menane, e un libro de Anibal Otero, eisi como Verba-3 e que tras a mesma terá lugar unha roda de prensa coa Asociación da Prensa de Vigo, cidade onde vai a ter lu-

gar a presentación destas obras.

### XUNTANZAS CON ESCRITORES

Pra rematar falamos de novo con don Constantino García.

—A realidade ortográfica do galego é distinta nos diversos autores, ¿qué solucións estanse plantexando pra chegar a un acordo?


—Escomezamos xa no pasado ano unhas reunións periódicas entre investigadores de ILG con escritores galegos e lingüistas pertencentes a outras institucións co fin de chegar a un acordo ortográfico o máis definitivo posible en relación co galego. As varias xuntanzas celebradas a finais de 1976 diron resultados prácticos, esperanzadores e é de esperar que isto prosiga.

—¿En canto o futuro?

—Hai que manter un espírito de supervivencia no

que deben colaborar todos, dende o habitante do casal máis remoto hastra o da vila máis populosa. Non deben esquecer as autoridades que sosteñen os museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, obras artísticas, etcétera, que a lingua é o ben máis fundamental do acervo cultural dun país, e que o lugar de conservación por excelencia da nosa lingua é a mente de cada galego, non como lembranza pasada, senón como medio fundamental de todos. Temos que seguir o exemplo de outros organismos provinciales e locais de rexións semellantes a Galicia. Se aquí estes organismos apoian de modo explicito as expresións artísticas e culturais de todo tipo, non vemos por qué han de esquecer-lo galego. O exemplo dado pola Universidade ten que espallarse.

José Antonio CARIDE  
(Fotos M. BLANCO)



Constantino García: "Estamos chegando a un acordo ortográfico".



Guillermo Rojo: "Hoxe imponse chegar a estabilización das linguas".

Estamos entrando nun proceso democrático, despois de pasar uns anos de larga meditación.

Galicia tamén tivo que meditar. Moí logo, terá oportunidade de espoñer a súa meditación. ¡Esperemos que sirva de algo! Pero Galicia ten un problema fundamental: ¿vanlle deixar espoñer a súa meditación sen cortapisas? Cécis non.

Mais Galicia non pode quedarse na estancada. Galicia ten

## UNHA ALTERNATIVA PRA GALICIA

que seguir adiante. Ten que pedir o federalismo. Ten que arranxar ela mesma as súas cousas. Galicia e os galegos, temos os nosos problemas, concretos e particulares, que ningún técnico estranxeiro nos pode solucionar. Craro está, que non todos pensan coma min, cousa da que estou moi ledo, xa que é símbolo de mente sá. A ese que discrepan, e que seipan escoitar e razonar, envitoos a que se fagan esta pregunta: ¿Sirvíu de algo o centralismo político para Galicia? Cadaquén dará a súa resposta. Eu vou adiantar a miña: Non.

De ningún xeito, pretendo criticar ao sistema de centralismo político como tal, senón que o único que pretendo é amosar que dito sistema pra o Estado español non vale.

¿Por qué non vale o devandito sistema pra o Estado español? Pódense dar moitas razóns, mais hai unha que é fundamental. O Estado español, queiramos ou non, está formado por un conxunto de nacións e rexións perfectamente diferenciadas. Estas diferencias son moi notabeis. Non hai máis que comparar Galicia con Catalunya ou Andalucía.

Entón, un sistema político centralista, daría solucións únicas e uniformes, a uns problemas completamente diferentes, anque os prantexamentos teóricos sexan, no millor dos casos semellantes. Isto pode verse cun exemplo moi sinxelo. Queremos construír o socialismo en Galicia e en Andalucía. Problema de prantexamento teórico semellante.

Pero, namentres os socialistas galegos ampararían a propiedade privada dos nosos labregos, pra orgaizar a economía rural galega dacordo cun sistema cooperativista, os socialistas andaluces preocuparíanse de reintegrarlle as terras, hoxe nas máns dos terratenentes, ao pobo para que as esprotara asegún o sistema socialista. O rexir ao Estado español cun criterio uniformista, so aproveitaría aos máis fortes, ou aos máis astutos, arruinando aos máis febles e peor apadriñados, antre que nos encontraríamos os galegos.

¿Por qué unha alternativa federalista? Porque, mediante un sistema de Estados federais e rexións autónomas, cada estado, cada rexión, prantexaríase e resolvería os seus

problemas, dacordo coa súa realidade concreta, na que ese estado ou rexión nun intre dado se encontrara mergullado, respetando sempre, craro está, a constitución federal.

O federalismo non fomenta a separación. O federalismo implica un forte poder central e unhas fortes autonomías. O federalismo é forte, en contraposición co centralismo, que necesita moitas veces da forza, en aqueles lugares onde está implantado, e que non reúnen as condicións de unidade cultural, étnica, idiomática etc. Federalismo é sinónimo de unidade, igualdade e liberdade.

Qué o federalismo non vai mal, amósannolo hoxe, grandes países como Suiza e os EE.UU. de Nortemérica, antre outros.

RAJO LOPEZ

eiza  
abesta

- AMPLIOS COMEDORES
- COCINA SELEITA
- PERSONAL ESPECIALIZADO EN BANQUETES, CASOIRO E REUNIONS SOCIALES

RESTAURANTE  
**PAMPIN**  
(A 8 km. de Santiago)

- VOSAS ESPECIALIDADES:
- LENGUADO PAMPIN
  - RODABALLO RIAS BAIAS
  - MARISCO DE TODAS CLASES